

A PAISAXE DA MORTE DA LAMA

MANUEL ÁNGEL BUGALLO OTERO
& FRAN GARCÍA FERNÁNDEZ



A paisaxe galega é o resultado da interacción do home co territorio e a vida e a morte son coas súas diferenzas e puntos de encontro os dous elementos que o definiron.

Nesta segunda entrega sobre os espazos da morte, centrarémonos na “paisaxe”, no seu poder icónico e nos múltiples significados que aínda se conservan na memoria da veciñanza do concello da Lama.

O home do rural galego, sempre tivo presente a morte, vivindo familiarizado con ela mediante o respecto e recordo dos seus defuntos. Asumía a morte sen temor, como ben sinala o dito “morrer hai que morrer”, xa que do contrario habería que “morrer coma un can”. Son as súas crenzas relixiosas e supersticiosas as que plasman o culto cara aos seus antepasados expresado en múltiples manifestacións dentro do territorio, como son os cruceiros, petos de ánimas, camiños de mortos, etc., polo que forma parte indivisible do imaxinario do pobo galego.

Nas parroquias lamenses ao igual que no resto de Galicia, a morte é asumida como unha morte “social”, plasmada na importancia da terra, da casa, da familia, do grupo...; é máis importante “de quen é” ou “de que casa é”, transcende a propia persoa e manifesta de forma clara a importancia do “sentido do lugar”, en resumo, da vinculación do home co seu territorio.

No anterior artigo de “Arquitectura da morte da Lama” falamos sobre a importancia da parroquia como referente espacial dentro do territorio galego. Constituída por un grupo de aldeas á súa vez conformadas por varios lugares, constitúe a unidade territorial, relixiosa e social por excelencia en Galicia. O notario e escritor Luís Moure Mariño resaltaba a importancia social da parroquia fronte ao municipio, nas súas palabras podemos ver como no mundo rural os ciclos da vida e da morte comparten o mesmo espazo, a parroquia.

“

Si en Galicia existe un eslabón después de la familia que tenga una autentica realidad afincada en los siglos y en el alma de las gentes, ese algo es la parroquia...

Nuestros hermanos labradores, hijos de la gleba, no se sienten miembros de ningún municipio, sino de la parroquia en que se halla la pila bautismales la que fueron cristianizados, en cuyo camposanto descansan sus muertos, por cuyos parajes de sotos, montes, prados y corredeiras discurrió su infancia y en la que esperan ser enterrados.



[As parroquias de vivos e mortos conviven. Atrio da igrexa de Santa María da Barcia do Seixo] F01



F02 [A igrexa e o cemiterio como elementos da identidade parroquial. San Bartolomeu de Xesta]

No rural galego, a morte conta cun gran peso cultural. Os cemiterios seguen mantendo o seu carácter de lugar público, de encontro e de manifestación dos lazos sociais a través da participación nos ritos fúnebres. Neles, os veciños crean e fortalecen vínculos de agradecemento co acompañamento nun momento de dolor pola perda dun ser querido, polo que funcionan como iconas da nostalgia e da convivencia humana.

Falar dunha “paisaxe da morte” é falar do conxunto igrexa, cemiterio e camiños, estes últimos moitas veces marcan o primeiro elemento de superposición entre a parroquia de vivos e a dos mortos, pero nunca sen olvidar o valor da casa como sinala Lisón Tolosana:

“

...la casa reproduce el linaje, la iglesia lo sacraliza y el cementerio lo acoge en una comunidad de destino, en una solidaridad espiritual que, al mediar la muerte, prima, realza y reorganiza las relaciones diacrónicas de identidad parroquial...”

En canto ao binomio igrexa-cemiterio, en gran parte do rural galego continúa a tradición histórica do espazo funerario asociado ao templo, o que constitúe un fito dentro da paisaxe. A igrexa cumpre a súa función como centro social e emotivo espiritual, nela celébranse os actos de maior transcendencia na vida do rural: o nacemento, o matrimonio e a morte. Por outro lado, o cemiterio cumpre a súa gran función mediadora entre ambos os mundos, nel os límites e barreiras difumínanse establecendo unha comunicación con fortes asociacións simbólicas e un fortalecemento na conciencia de pertenza ao sitio. Co anterior, podemos afirmar que a parroquia dos mortos é unha continuidade da parroquia dos vivos.

Na Galicia rural, a tradición de honrar os mortos, esixía o achegamento destes, só deste modo pode entenderse a negativa social a trasladar os cemiterios fóra do núcleo urbano. Encontramos que na maioría dos casos os cemiterios seguen estando adxuntos á igrexa cun aumento de superficie resolta mediante anexos ou ampliacións, aínda que en moitas ocasións existen recintos de nova creación nos arredores do núcleo, algunhas das parroquias da Lama son un claro exemplo deste suceso.

A accidentada orografía galega e dispersión presente no hábitat galego, formado por pequenos núcleos con pouca poboación son as causas do elevado número de cemiterios presentes no rural e da configuración dunha serie de camiños de mortos dotados de elementos con gran peso simbólico como son as cruces, cruceiros e petos de ánimas que, por un lado, conectan e, por outro, esvaece os límites de ambos os dous mundos


O LUGAR: AS PARROQUIAS

O concello da Lama conta cun total de dez parroquias distribuídas ao longo de todo o seu territorio: Santa María da Barcia do Seixo, San Lourenzo da Escuadra, San Sebastián de Covelo, San Bartolomeu de Seixido, Santiago de Antas, San Salvador da Lama, San Paulo de Xende, San Bartolomeu de Xesta, San Pedro de Gaxate e San Martiño de Verducido, cada unha delas conta co binomio igrexa-cemiterio que xunto á rede de camiños e os propios núcleos rurais definen a configuración das parroquias dos vivos e os mortos.

A localización dos diversos elementos construídos responde a aspectos funcionais, simbólicos ou mesmo estéticos. A posición das edificacións adáptase a contextos existentes da base xeográfica como a topografía, sendo á vez creadores e/ou resultantes das tramas urbanas. A continuación, establecemos tres tipos de análises en cada un dos conxuntos cemiterio-igrexa primitivos das parroquias da Lama.

1. Relación cemiterio-igrexa respecto ao núcleo

a. Céncrico




A posición central na trama urbana outórgalle un papel fundamental ao conxunto igrexa-cemiterio na organización interna da aldea. A presenza no interior da trama implica un espazo común e de sociabilidade que define o resto do conxunto. Xérase así un desenvolvemento dependente do espazo definido pola igrexa e a adaptación das novas edificacións a ese elemento central.

No caso da localización excéntrica ao núcleo a edificación relixiosa segue a ter un papel fundamental dado que obriga a definir o núcleo dun xeito propio e que pode estar condicionado polas condicións topográficas ou de accesibilidade.


A localización na propia trama remite a unha presenza continua do aspecto relixioso e outórgalle un papel central na vida cotiá da aldea.

b. Excéntrico



Neste caso a igrexa non funciona como organizador da estrutura interna da aldea pero si na relación da comunidade co territorio ao dispoñer circundante cando se crea un novo polo de atracción fóra do perímetro edificado. A presenza dun espazo fundamental para a organización espacial situado fóra da aldea implica a necesidade de integración deste dende o punto de vista simbólico e funcional. Para iso defínense camiños para o acceso e elementos relixiosos que sacralicen o espazo intermedio de relación entre aldea e igrexa-cemiterio.


A localización exenta da trama indica un papel relevante do aspecto relixioso ata o punto de precisar dun lugar específico para a súa disposición e xérase un fluxo visual e emocional co espazo en cuestión.



[A igrexa como fito paisaxístico. Igrexa de San Martiño de Verducido] F03

2. Relación cemiterio respecto á igrexa


a. Agregado



Son aqueles que se dispoñen dentro dun mesmo peche perimetral que conforma o atrio (terreo que rodea as igrexas e ten carácter sacro). Establece continuidade física coa edificación da igrexa.

O que xera unha maior riqueza de detalles construtivos. Frecuentemente contan con soterramentos no chan o que indica a antigüidade do camposanto. Pode incluír subtipos en función da posición do cemiterio no interior do propio atrio, anexo a este ou modelos mixtos resultantes das diversas ampliacións históricas.

b. Desagregado



Son aqueles que se dispoñen exentos ao atrio. Non teñen relación espacial coa edificación da igrexa. Modernamente a súa motivación adoita ser funcional, polo que perde matices e calidade arquitectónica.


Os novos modelos desagregados inclúen elementos de relación co tráfico rodado como vías de acceso e zonas de aparcamento.

3. Relevancia paisaxística

No caso das construcións de carácter relixioso o aspecto simbólico acada a súa máxima expresión como referente espiritual da comunidade. Por iso, teñen reservado un espazo relevante na configuración territorial vinculada aos núcleos de poboación e acadan un papel referencial tanto pola súa presenza central en vilas e aldeas, como pola súa interconexión visual dende montes e outeiros, o que fai que sacralicen o territorio e definan a paisaxe.

En calquera caso, igrexa, cemiterios, cruceiros e demais intervencións de orientación sacra teñen unha razón de ser construtiva, pero moitas outras razóns de estar que transcenden á edificación en si.

a. Estructural



A presenza do binomio igrexa-cemiterio define a traza urbana e a disposición no territorio describindo a paisaxe.

b. Visual




A dominancia visual supón a interconexión entre aldea e igrexa-cemiterio e xera unha presenza continua do binomio na paisaxe propia do núcleo.


c. Simbólica



A relevancia do binomio igrexa-cemiterio transcende os aspectos físicos (localización, intervisibilidade, etc.), polo que ten relevancia paisaxística a pesar de non ter presenza relevante na configuración do espazo.



[Parroquias do concello da Lama. Imaxe ©2018 DigitalGlobe] F04



LEENDA Emprazamento Sepulturas Nichos - Panteóns - Monumentos




IGREXA - CEMITERIO PRIMITIVO

RELACIÓN CEMITERIO IGREXA RESPECTO AO NÚCLEO	RELACIÓN CEMITERIO RESPECTO Á IGREXA	RELEVANCIA PAISAXÍSTICA
Céntrico	Agregado	Estrutural




EMPRAZAMENTO



ENTERRAMENTOS

SAN LORENZO DA ESCUADRA

Imaxe ©2018 DigitalGlobe





LEND Emprazamento Sepulturas Nichos - Panteóns - Monumentos

Nota: O cemiterio novo encóntrase situado entre As Chozas e Carrizás.



IGREXA - CEMITERIO PRIMITIVO

RELACIÓN CEMITERIO IGREXA RESPECTO AO NÚCLEO	RELACIÓN CEMITERIO RESPECTO Á IGREXA	RELEVANCIA PAISAXÍSTICA
		
Céntrico	Desagregado	Estrutural



EMPRAZAMENTO



ENTERRAMENTOS

□Nota: Carece de cemiterio primitivo. Os enterramentos eran Aguasantas e Valongo.



LENDAX Emprazamento Sepulturas Nichos - Panteóns - Monumentos


Nota: O cemiterio novo encóntrase situado no Pelete.



IGREXA - CEMITERIO PRIMITIVO



EMPRAZAMENTO




ENTERRAMENTOS



LEND A Emprazamento Sepulturas Nichos - Panteóns - Monumentos



IGREXA - CEMITERIO PRIMITIVO

RELACIÓN CEMITERIO IGREXA RESPECTO AO NÚCLEO	RELACIÓN CEMITERIO RESPECTO Á IGREXA	RELEVANCIA PAISAXÍSTICA
		
Excéntrico	Agregado	Simbólica



EMPRAZAMENTO



ENTERRAMENTOS




LEENDA Emprazamento Sepulturas Nichos - Panteóns - Monumentos




IGREXA - CEMITERIO PRIMITIVO


RELACIÓN CEMITERIO IGREXA RESPECTO AO NÚCLEO	RELACIÓN CEMITERIO RESPECTO Á IGREXA	RELEVANCIA PAISAXÍSTICA
Céntrico	Agregado	Estrutural



EMPRAZAMENTO



ENTERRAMENTOS



LENDAS Emprazamento Sepulturas Nichos - Panteóns - Monumentos



IGREXA - CEMITERIO PRIMITIVO

RELACIÓN CEMITERIO IGREXA RESPECTO AO NÚCLEO	RELACIÓN CEMITERIO RESPECTO Á IGREXA	RELEVANCIA PAISAXÍSTICA
Excéntrico	Desagregado	Visual



EMPRAZAMENTO



ENTERRAMENTOS

□Nota: Carece de cemiterio primitivo.




LENDAS Emprazamento Sepulturas Nichos - Panteóns - Monumentos




IGREXA - CEMITERIO PRIMITIVO

RELACIÓN CEMITERIO IGREXA RESPECTO AO NÚCLEO	RELACIÓN CEMITERIO RESPECTO Á IGREXA	RELEVANCIA PAISAXÍSTICA
Excéntrico	Desagregado	Simbólica




EMPRAZAMENTO



ENTERRAMENTOS

Nota: Carece de cemiterio primitivo, conserva algunhas sepulturas.



LEND A Emprazamento Sepulturas Nichos - Panteóns - Monumentos




IGREXA - CEMITERIO PRIMITIVO

RELACIÓN CEMITERIO IGREXA RESPECTO AO NÚCLEO	RELACIÓN CEMITERIO RESPECTO Á IGREXA	RELEVANCIA PAISAXÍSTICA
Excéntrico	Agregado	Visual



EMPRAZAMENTO



ENTERRAMENTOS



LEENDA Emprazamento Sepulturas Nichos - Panteóns - Monumentos



IGREXA - CEMITERIO PRIMITIVO


RELACIÓN CEMITERIO IGREXA RESPECTO AO NÚCLEO	RELACIÓN CEMITERIO RESPECTO Á IGREXA	RELEVANCIA PAISAXÍSTICA
Excéntrico	Desagregado	Visual



EMPRAZAMENTO



ENTERRAMENTOS



LENDAX Emprazamento Sepulturas Nichos - Panteóns - Monumentos




IGREXA - CEMITERIO PRIMITIVO

RELACIÓN CEMITERIO IGREXA RESPECTO AO NÚCLEO	RELACIÓN CEMITERIO RESPECTO Á IGREXA	RELEVANCIA PAISAXÍSTICA
Céntrico	Desagregado	Estrutural



EMPRAZAMENTO



ENTERRAMENTOS

Nota: Carece de cemiterio primitivo, conserva algunhas sepulturas.

OS CAMIÑOS DE VIVOS E DE MORTOS

Camiños de vivos

Unha vez analizada a realidade espacial dos espazos da morte nas distintas parroquias da Lama, falaremos do elemento territorial que artella a conexión entre a vivenda, a igrexa e o cemiterio, o camiño.

Os camiños, desde o punto de vista territorial, son os elementos que unen e artellan os diferentes núcleos rurais entre eles, así como co resto da realidade territorial. Na Lama contamos con diversas tipoloxías en relación á súa xerarquía e uso, neste senso destacan os camiños públicos, de maior importancia, como é o caso do “Camiño Real”, “Camiño dos Arrieiros” e “Camiño da Brea”.

As servidumes de paso constitúen un segundo grupo de accesos. En Galicia, coñécese como “serventía” que é o paso ou camiño privado de titularidade común e sen asignación de cotas, calquera que sexa o que cada un dos usuarios ou causantes cedese para a súa constitución, que se encontra establecido sobre a propiedade non exclusiva dos estremeiros e que teñen dereito a usar, gozar e posuír en común a efectos de paso e servizo dos predios.

Existe outro importante grupo de camiños de uso público dentro do medio rural, pero non recollidos como camiños públicos, nin en documentación nin nos inventarios municipais, pero que poderían equipararse a serventías, pois trátase de porcións de propiedade privada cedidos para tal uso de forma voluntaria polos propietarios dos predios polos que discorre, que constitúen o verdadeiro entramado ou rede viaria dentro do agro galego, e o seu uso vai intimamente ligado ao día a día dos habitantes das aldeas ou núcleos rurais.

Dentro deste grupo de “outros camiños” podemos destacar os seguintes:

1. Corredoiras: También llamadas camiños de carros, camiños de rodas ó camiños rodais, constituyen el principal entramado viario en el rural gallego, o al menos lo constituyeron hasta la realización de las redes de caminos de las Zonas de Concentración Parcelaria. Conformaban el sistema viario de mayor importancia dentro del agro gallego, pues unían los lugares y aldeas con los caminos públicos y, asimismo, suponían el eje central del que se derivaban los demás caminos que más adelante se referirán.

2. Camiños da agra: Se trata de caminos que partiendo del núcleo rural o aldea permitían a los habitantes de la misma acceder a sus tierras de cultivo, situadas fundamentalmente en la Agra. En este apartado es importante hacer una diferenciación entre los usados para paso de personas a pie y los usados para paso de animales y aperos agrícolas, pues los primeros son de uso más frecuente y los segundos de uso más esporádico.

3. Camiños do monte: Estos caminos tienen un origen y naturaleza similar a los Camiños da Agra, ya que el monte tenía, en épocas pasadas, una gran importancia pues, parte del mismo se cavaba para cosechar cereal, de él se sacaban los estrumes que se utilizaban para las camas de los animales, camas que luego se trasformaban en estiércol que era el principal abono orgánico que se usaba en las tierras de cultivo, de él se traía la leña para alimentar las lareiras y cocinas y, por último, en el monte se talaban los árboles para obtener la madera que se utilizaba tanto en la construcción de las viviendas como en la fabricación artesanal de los muebles, los carros, los aperos de labranza.

4. Camiños dos muíños: os muíños, auténticos puntos de encontro e reunión en épocas pasadas, gozaban para o seu servizo dunha rede de camiños, polos que se chegaba tanto a pé como con animais para realizar a moenda do gran. Estes camiños levaban, ás veces, aparelados outro uso que era o de acceso á presa que conducía a auga ao muíño, para poder realizar derivacións de augas para rega.

5. Camiños das eiras: trátase dos camiños polos que se chegaba á eira, propia ou común, coas colleitas. A esas eiras, auténticos puntos neuráxicos da vida no rural, debíase poder acceder tamén para realizar a “trilla” ou “malla” e no caso das eiras comúns é frecuente que se encontren nelas os hórreos.

6. Camiños de acceso aos currais: Acceso tradicional próximo á vivenda para animais, persoas e vehículos agrícolas (antes carros e máis tarde os tractores).

As diferentes tipoloxías de camiños anteriormente citadas estarían englobadas dentro dos coloquialmente chamados “camiños de vivos” que como ben sinala o seu nome fan referencia ás distintas actividades levadas a cabo no día a día dentro do rural galego.



[Corredoiras no lugar de Liñares, Xesta] F05



F06 [Tramo camiño de mortos Campelo – O Portomartiño - Xesta]

Camiños de mortos

Cando falamos de “camiños de mortos”, referímonos a unha gran rede de camiños presentes nas diferentes parroquias da Lama, cuxa finalidade era o traslado dos defuntos desde a vivenda onde eran velados ata a igrexa-cemiterio, onde se lles daba descanso aos seus restos mortais. Encontrámonos ante unha tipoloxía que se superpón aos “camiños de vivos”, empregando tramos de camiños públicos, servidumes, corredoiras, etc.

Podemos dicir que os “camiños de mortos” non son camiños construídos ex professo para cumprir co seu fin, constitúen unha perfecta simbiose cos “camiños de vivos”, xa que fortalecen aínda máis o sentido de pertenza ao sitio e demostran que as parroquias dos mortos son a continuidade da parroquia dos vivos.

O feito de que os “camiños de mortos” utilicen a estrutura territorial dos “camiños de vivos” non significa que non os transformen e deixen a súa pegada presente. A incorporación claramente intencionada e estudada dunha serie de elementos construídos, tales como cruceiros, pousadoiros, petos de ánimas, etc., daralle maior sentido ao rito funerario que tiña lugar dentro deles.

Son todos estes elementos xunto á igrexa e cemiterio os que definen a “paisaxe da morte”, elemento consubstancial do noso imaxinario rural, polo seu atractivo icónico, polas súas múltiples imaxes de gran forza visual, pola preponderancia das súas formas e, sobre todo, polos significados que se conservan na nosa memoria, asociados non só á morte, senón tamén á propia vida.

A continuación, centraremos o noso estudo na recuperación dos “camiños de mortos de Xesta” polo achegamento que temos con esta parroquia. A metodoloxía aplicada está baseada en tres fontes de información: a tradición oral facilitada pola propia veciñanza, as fontes bibliográficas e o traballo de campo desenvolvido no propio territorio da parroquia.

CAMIÑOS DE MORTOS DA PARROQUIA DE XESTA

A parroquia de Xesta conta cos lugares do Aredo, As Barreiras, Campelo, A Grifa, Liñares, O Outeiro, Pigarzos, O Portomartiño e Xesta, todos eles conectados polas diversas tipoloxías de camiños tradicionais anteriormente citados, así como pola nova rede de estradas provinciais e municipais, en moitos casos superpostas cos primeiros.

Dada a configuración territorial da parroquia, podemos dicir que existen seis lugares: Xesta (agrupación da propia Xesta co Aredo, As Barreiras e O Outeiro), Liñares, O Portomartiño, A Grifa, Campelo e Pigarzos. Isto dá como resultado tres camiños de mortos:

- Liñares - Xesta
- Campelo - O Portomartiño - Xesta
- Pigarzos - A Grifa - Xesta

O presente artigo busca dar unha visión holística dos “camiños de mortos” presentes na parroquia, non centrando o seu estudo soamente nos seus propios trazados, senón nos ritos funerarios que levaron a cabo dentro deles. Para iso, comezaremos definindo ditos actos ou ritos desde o augurio da morte ata o loito por parte dos seres queridos.

Os augurios de morte

Na parroquia de Xesta ao igual que no resto de Galicia existen unha serie de augurios e premonicións de morte, que permitían “prever e saber” cando tería lugar o suceso; falábase así de:

- O ouveo de cans.
- A aparición dunha estrela fugaz ou “facha” cerca do lugar do “óbito”.
- O canto das pegas ou a presenza de corvos arredor do tellado.

O Santo Viático

Cando un fregués falecía ou estaba próxima a súa morte, dábaselle aviso ao sacerdote para que lle trouxese o viático ou extremaunción. Mentres tanto, as mulleres da “casa” e en ocasións coa axuda de veciños achegados á familia, limpaban o corpo do defunto e cambiaban as sabas da cama.

O cuarto do defunto era adornado con teas e mantas na cabeceira, colocando dúas candeas en cada extremo. En moitas ocasións, estaban formadas por vasos cunha mestura de auga e viño na parte inferior e aceite na superior onde serían depositadas as candeas para ser acendidas posteriormente. Outra variante deste rito era colocar unha candeia bendita do día da Candelaria, un crucifixo e un vaso de auga bendita do Sábado Santo.

Unha vez avisado o sacerdote, o sancristán comunicáballes aos fregreses o falecemento do veciño tocando as campás da igrexa parroquial. Ao chegar á casa, o párroco entraba no cuarto do enfermo e unxía o seu corpo con auga bendita e cos santos óleos de acordo co sacramento da Extremaunción, e se era posible ofrecíalle recibir a Sagrada Comunión.

O amortallamento

Unha vez acontecida a morte, comezaba a preparación do corpo. Procedíase á limpeza do corpo e ao tapado dos orificios do corpo con algodón e en ocasións colocábase un pouco de cera no embigo do defunto. Como sinala Manuel Mandianes Castro no seu libro Loureses. *Antropoloxía dunha parroquia galega*:

“

Os buracos son o camiño do sopro, e o sopro é a vida, o espírito. Polo tanto, hai que tapalos camiños do espírito cara ó corpo do morto para que poida te-lo descanso.

Posteriormente, procedíase a pechar os ollos e a boca do defunto, atábase un pano debaixo da barbela ata encima da cabeza e, por último, vestíase o defunto co seu mellor traxe ou vestido e era colocado na cama á espera da caixa.

As mulleres da “casa familiar” xunto ás veciñas achegadas eran as encargadas de ir comprar “a caixa”, así como alugar as coroas florais habitualmente artificiais nas parroquias de Verducido e Seixido. Mentres tanto, os homes encargábanse de ir buscar tanto o cura coma o médico para que certificase a morte.



[Coroa floral artificial de mediados do século XX] F07

O velorio

Os membros da “casa familiar” acompañados doutros familiares, veciños e amigos do defunto velaban o corpo desde a posta do sol ata a alba. Os asistentes, ao chegar, dirixíanse aos familiares para darlles o pésame acompañado dunha frase de apoio moral ou de loanza ao defunto.

A todos aqueles familiares e amigos que axudasen nas xestións ou trámites, como a busca do cura, do médico, da caixa ou das flores, ofrecíasilles unha comida como agradecemento.

Ao caer a noite rezábase o Santo Rosario presididos polo sacerdote da parroquia. Ao chegar a medianoite a gran maioría dos asistentes retirábanse ás súas casas, mentres que as persoas máis ligadas ao defunto pasaban a noite en “vela”. Durante estas últimas horas, os membros da “casa familiar” compartían un pouco de pan, viños e licores entre os acompañantes.

Con relación aos temas de conversa durante o velorio, o tema que centra o acto é o propio defunto. Cada persoa que chegaba era informada con detalle dos sucesos ocorridos, feito que se repetía unha e outra vez coa aparición de novos asistentes. Isto dáballes paso aos comentarios de “os casos parecidos” relacionados coa morte do defunto, co fin de suavizar a perda acontecida como un feito normal ou habitual no histórico da poboación veciñal.

Existe constancia da presenza de xogos, chistes e historias ao longo do velorio, feito que constata o sentimento dos habitantes do rural galego de reafirmar colectivamente o sentido da vida e a vontade de continuar vivindo coma se non existise a morte.

Acompañamento

Unha vez finalizado o velorio á hora prevista, o sacerdote achegábase á casa acompañado do sancristán ou un "monaguillo" que traía consigo unha gran cruz. Ao entrar no cuarto do defunto, rezábase un responso e procedíase á bendición do cadáver.

O ataúde era sacado da vivenda por unha serie de persoas do sexo masculino conformado por familiares e amigos íntimos do defunto, o que daba lugar ao rezo por parte do sacerdote parroquial dunha serie de respostas aos que os asistentes respondían co recital dun "nosopai". A continuación, saían as mulleres portando as coroas florais.

A estrutura da comitiva estaba conformada en primeiro lugar polo "monaguillo" ou sancristán, que portaba a cruz parroquial, seguido polo ataúde levado por catro portadores que se ían cambiando ao longo do camiño. A continuación, o párroco que rezaba unha serie de oracións e respostas, seguido polos familiares do defunto, as amizades e veciñanza.

A cada certa distancia, existían unha serie de cruceiros ou pequenas cruces que cumprían a función de pousadoiros, é dicir, lugares onde era "pousada" a caixa co fin de que os portadores puidesen descansar ao igual que o resto da comitiva. Cada vez que isto ocorría rezábase o correspondente responso acompañado do seu nosopai. Mentres a comitiva se dirixía á igrexa parroquial, as campás tocaban, no momento en que o cadáver se aproximaba ao recinto relixioso estas soaban con intensidade e xa no momento de entrar no atrio gardaban silencio.

Enterro

Unha vez no atrio, o féretro era pousado na porta da igrexa para ser bendicido mediante auga bendita e purificado por medio do incenso. Procedíase ao enterramento acompañado do rezo dunha serie de respostas por parte do párroco e os fregueses. Durante o acto, tense constancia de que parte dos familiares, amigos e veciños, en especial as mulleres, gritaban e choraban en alusión á perda do ser querido.

Funerais

Unha vez finalizado o enterramento daba comezo a misa de funeral que era presidida por varios sacerdotes, cuxo número dependía das posibilidades económicas do defunto ou das boas relacións que este ou a súa familia mantiña co clero.

No centro do templo dispoñíase unha serie de seis cirios que alumeaban durante a celebración. En varias zonas de Galicia, para ter dereito á colocación destes cirios era necesario estar subscrito á que vulgarmente se denominaba "confraría da cera" o "confraría do Santísimo", á que se entregaba cada ano, un "ferrado de trigo" ou o seu equivalente en diñeiro. O que non pertencía a dita confraría, pagaba o importe correspondente o día do enterro.


Ao finalizar a misa de funeral, ofrecíaseles na casa do pobo unha pequena comida aos veciños que viñan doutros lugares ou aldeas da propia parroquia ou de lugares máis afastados.


Coa perda dun ser querido, comezaba de forma rigorosa o "loito" ou sentimento de dolor pola morte e a manifestación exterior a través da color negra da vestimenta que daba lugar a unha das imaxes máis simbólicas do rural galego.


A continuación, móstranse as trazas dos camiños de mortos presentes na parroquia de Xesta, así como os seus fitos ou elementos máis destacables.



[Pousadoiro na Carballeira dos Prados] F08







AGRADECEMENTOS

A redacción do presente artigo foi posible grazas á colaboración de varias persoas veciñas da parroquia de Xesta. Queriamos mostrarlles a nosa gratitude ás persoas do lugar de Xesta, María Oubiña (*María da Braxiña*), Trinidad Fernández, Elio Oubiña e Urbano Regueiro; de Liñares, a Elsa Amorín, Ermitas Claro, Enrique Justo e Manuel Leitos; de Pigarzos, a Manuel Boullosa (*Manolo de Lidio*) e Ermitas Costal, por axudarnos a recuperar parte do patrimonio cultural da parroquia.

BIBLIOGRAFÍA

AA. VV. (2009). *A parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

BLANCO PRADO, J.M. (1987). *Análisis sobre "Rituales funerarios" en la parroquia de Pacios (Begonte)*. Boletín do Museo Provincial de Lugo. Lugo. P.15

FARIÑA TOJO, J. (1980). *Los asentamientos rurales en Galicia*. Instituto de estudios de la Administración Local, Madrid.

FRÉAN CAMPO, A. (2014). "Persistencia en la tradición cultural del noroeste peninsular: una explotación del imaginario de la muerte hacia el pasado". *GALLÆCIA*. Num. 33. USC. Santiago de Compostela. P. 159-188.

GARCÍA DOCAMPO, M.(2003): *A construción social do territorio galego*. TresCtres. Santa Comba (A Coruña).

GONDAR PORTASANY, M. (2005). "As narrativas sobre a Morte na cultura tradicional. Semántica e Pragmática da ars moriendi galega" en AA.VV.: *Actas das III xornadas de literatura de tradición oral: Mitoloxía da morte, ánimas e pantasmas*. Asociación de Escritores en Lingua Galega. Vigo.

LISÓN TOLOSANA, C. (2004). *Antropología cultural de Galicia*. Akal. Madrid.

PÉREZ NAYA A. M. (2007). *Arquitectura del silencio y la memoria. Análisis de los cementerios de la Costa da Morte galega*. Tesis doctoral Universidade da Coruña. A Coruña. P. 534.


PÉREZ NAYA, A. M. (2012). "Arquitectura de la muerte en Galicia. Análisis de los cementerios de la Costa da Morte". *Galegos-Gallegos*. Núm. 17. Ediciones Ensenada de Ézaro. Santiago de Compostela. P. 85-100.

RAÑA CAAMAÑO, J.A. (2011). *LOS INFORMES PERICIALES SOBRE CAMINOS EN EL AGRO GALLEGO*. Apuntes Jornada Técnica sobre "La prueba pericia". Santiago de Compostela. P.8

FIGURAS

Portada. Cemiterio na parroquia de Xesta. Fotografía cortesía de Manuel Ángel Bugallo Otero

Todas as imaxes son propiedade dos autores salvo as fotografías aéreas que son propiedade de DigitalGlobe ©2018.



[Tramo do camiño de "mortos e vivos" na parroquia de Xesta] F09